



# RESOLUCIÓN

**Expediente núm.:** 7585/2025

**Resolución con número e data establecidos á marxe**

**Procedemento:** Seleccións de Persoal e Provisións de Postos

## FEITOS E FUNDAMENTOS DE DEREITO

De acordo co previsto nas bases aprobadas por acordo de Xunta de Goberno Local de data 10/11/2025 para a selección e posterior contratación de 1 persoa traballadora peoa xardineira ao abeiro da Orde do 13 de agosto de 2025 pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de subvencións destinadas á contratación de persoas mozas inscritas no Sistema nacional de garantía xuvenil, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, a través da colaboración con entidades locais, cofinanciadas pola Unión Europea no marco do Programa FSE+ Galicia 2021 - 2027, e se procede á súa convocatoria para o ano 2025 (código de procedemento TR350E), procede adoptar a seguinte

## RESOLUCIÓN

**PRIMEIRO:** Aprobar e publicar no taboleiro de anuncios da Casa do Concello e na Sede electrónica a composición efectiva do tribunal cualificador a efectos da formulación de recusación contra das persoas que o compoñen, que será a seguinte:

PRESIDENTE: Fabián Fernández Gómez

SECRETARIA: Rosana Cordeiro Antepazo

Vocal 1º: José Ramón Rodríguez Martínez

Vocal 2º: María Elisa Barroso Parada

Vocal 3º: José Manuel Piñeiro Otero

Suplente indistintoa1ª: María Jesús Fernández Pousada

Suplente indistinto 2º: Luís Martínez Domínguez

Suplente indistinto 3º: José Carlos Vilariño Meira

**SEGUNDO:** Aprobar e publicar igualmente a listaxe de persoas admitidas ao proceso selectivo indicando que non contando con exclusións ten o carácter de definitivo, e que é o seguinte:

APELIDOS E NOME DNI





FERNÁNDEZ MAQUIEIRA, ALBA \*\*\*\*1370\*\*

FERRADÁS HERBELLO, MIGUEL \*\*\*1298\*\*

GONZÁLEZ IGLESIAS, CORAIMA \*\*\*\*8278\*\*

RODAL VIDAL, FERNANDO \*\*\*1691\*\*

SANMARTÍN LORENZO, SAÚL \*\*\*1493\*\*

VILLAR VILAS, RODRIGO \*\*\*\*1674\*\*

**TERCEIRO:** De acordo co disposto na base sexta **convocar** ás persoas aspirantes para o inicio do proceso de selección o vindeiro **venres 21/11/2025, no Salón de Plenos do Concello de Cangas ás 13:00 horas.**

O chamamento no lugar e horas indicado será único quedando excluída a persoa que non compareza de acordo co disposto nas bases. Deberán presentar o seu DNI, pasaporte ou permiso de conducir cando así llo requira algunha das persoas que compoñen o Tribunal.

De acordo co estipulado na base sexta, as persoas aspirantes que acrediten ao Tribunal, antes da realización da proba, estar en posesión do certificado en Lingua Galega – nivel 1 (CELGA 1) ou superior, ou a súa validación, ou a certificación do curso de Lingua Galega de Iniciación , quedarán exentos da proba de Lingua Galega, recibindo neste caso 2 puntos.

**CUARTO:** Publicar a presente resolución de acordo co disposto nas bases.

## RECURSOS/ALEGACIONES

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, e de conformidade co disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, e 8, 45 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, poderase interpoñer un dos seguintes recursos:

- a) Con carácter potestativo, recurso de reposición ante a Alcaldía, no prazo dun mes, a contar dende o día seguinte ao da recepción desta notificación.
- b) Recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra, dentro do prazo de dous meses contados dende o día seguinte ao da recepción desta notificación.

En caso de optar polo recurso potestativo de reposición non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se producise a súa desestimación por silencio administrativo.

Sen prexuízo de que os interesados poidan exercer, no seu caso, calquera outro que estimen procedente.





Concello de Cangas

## DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

Cod. Validación: 955GJL9GNQCAOGA7EPTL4ZHDI  
Corrección: <https://cangas.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electrónicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 3 a 3

---

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850

